



ASUNTO: Declaración de procedemento deserto.- Proceso de Selección de persoal laboral temporal da Brigada de Incendios 2026 .

EXPEDIENTE: 2026/E001/000007

EXPEDIENTE DECRETO: 2026/G003/000325

Dona Teresa Duro Leis, Alcaldesa en funcións do Concello de Negreira, na provincia da Coruña;

O 24 de xullo de 2025, abriuse a bolsa do proceso de selección para a brigada de extinción e prevención de incendios forestais para o ano 2026 – 2027. (BOP nº140 do 24/07/2026)

Tras realizar os chamamentos oportunos aos candidatos que figuraban na bolsa inicial, e ante as sucesivas renuncias presentadas polos mesmos que impedían conformar a brigada, resultou necesario abrir novos prazos de ampliación para garantir a cobertura dos postos .

Con data do 23 de xuño de 2026, acordouse a ampliación da bolsa para o posto de Xefe de Brigada, resultando dita convocatoria deserta por falta de aspirantes.

Con data do 2 de xullo de 2026, e debido ás baixas sobrevidas de varios dos candidatos que xa foran propostos para formar parte da brigada, procedeuse a unha nova ampliación da bolsa para a totalidade dos postos. Tras esta última convocatoria, un total de cinco (5) candidatos superaron o proceso selectivo, cumprindo xustamente co número mínimo de membros esixido pola Xunta de Galicia para a operatividade e correspondente alta da cuadrilla.

Mediante Resolución de Alcaldía do 17 de xullo de 2026, propúxose o nomeamento e contratación dos devanditos cinco aspirantes, concedéndolles un prazo de dous días hábiles —conforme ao establecido no punto noveno das bases da convocatoria— para a achega da documentación preceptiva para a súa formalización laboral. Transcorrido o citado prazo sen que se recibise documentación ningunha por parte de ningún dos propostos, dende o departamento de emprego do concello procedeuse a realizar o contacto telefónico cos mesmos na mesma data de resolución da alcaldía. Estes comunicaron de forma expresa a imposibilidade de incorporarse ao postularse e estar traballando noutros concellos, comprometéndose a realizar a súa renuncia formalmente por sede electrónica.

En vista do exposto e esgotado o prazo, non procede volver a ampliar o proceso para novos brigadistas, co que se declara deserto, ó non existir candidatos que poidan comprometerse a rematar a campaña dos 3 meses, esta Alcaldía en cumprimento das facultades que me outorga o artigo 21 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local e demais disposicións concordantes e de aplicación,



RESOLVO:

Primeiro: Declarar este procedemento deserto, e en aplicación do artigo 3 da lei 40/2025 do 1 de outubro de réxime xurídico do Sector Público ante a imposibilidade material de constituir a brigada co número mínimo de compoñentes esixidos para a súa operatividade e seguridade.

Segundo: Dar por concluído o proceso de selección de persoal laboral da brigada de incendios 2026.

Terceiro; Publicar este decreto no taboeiro de anuncios e na Sede Electrónica do concello para coñecemento dos interesados.

Cuarto; Dar conta deste decreto ó Pleno da Corporación na próxima sesión ordinaria que celebre.

Negreira á data da sinatura electrónica.

A Alcaldesa en funcións

A secretaria accidental